



CIFP Someso

PLAN DE CONVIVENCIA

Curso: 2023_2024





Contido

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN	4
3. FINS E PRINCIPIOS DA CONVIVENCIA NO CENTRO	22
4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	23
5. ACTUACIÓNS PROGRAMADAS, MEDIDAS OU PROGRAMAS.....	24
6. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR.....	30
7. NORMAS DE CONVIVENCIA E CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.....	30
8. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA.....	30
9. PLAN DE IGUALDADE.....	30
9.MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS.....	30
10. A COMISIÓN DE CONVIVENCIA	31
12. DIFUSIÓN E DIVULGACIÓN DO PLAN	33
13. SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA.....	33



1. MARCO NORMATIVO

O C.I.F.P. Someso, pola súa peculiaridade como Centro Integrado de Formación Profesional, presenta unhas necesidades e características con respecto as normas de convivencia que regulan os centros educativos:

- Non conta coa participación das familias
- O alumnado do centro é eminentemente maior de idade, salvo o alumnado de F.P. Básica que na súa maioría é menor.

A nivel legal, son varias as referencias que fundamentan a existencia deste Plan:

- A lei Orgánica 2/2006 de Educación (LOE) recolle a competencia social e cidadá e considera principios do sistema educativo a educación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, marca as condutas contrarias as normas, os dereitos e os deberes do alumnado así como as correccións mais habituais nos conflitos diarios.
- Esta lei desenvólvese no Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, onde se recolle tamén o desenvolvemento de procedementos conciliado na corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
- Orde de 23 de agosto de 2023, pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia

A estrutura do presente documento respecta en todo caso o establecido en canto ao Plan de Convivencia neste Decreto 8/15.



2. ANÁLISE DA SITUACIÓN

2.1. Contorno socioeconómico do centro do C.I.F.P. Someso:

Ámbito económico: A economía da cidade de A Coruña, baséase fundamentalmente no sector servizos. A pesares disto a cidade conta con varios polígonos industriais:

- Polígono de A Grela.
- Polígono de Pocomaco.

Ámbito social: Socialmente, o noso alumnado é unha representación da clase media en canto aos Ciclos Formativos, coma de clase media-baixa principalmente na FP Básica.

A distribución varía en función de que falemos de FP básica, ciclos medios ou ciclos superiores, e dentro destes varía en función do tipo de familias profesionais. Debemos ter en conta que a procedencia do noso alumnado, a nivel académico, procede tanto de da ESO, como alumnado procedente da universidade. A nivel xeográfico, o noso alumnado procede dunha ampla zona, recibindo tamén alumnos doutras comarcas.

Ámbito laboral: tendo en conta que as ensinanzas ofertadas polo centro pertencen basicamente ao sector servizos e que a localidade de A Coruña, onde se atopa o centro, trátase dunha zona cuxa economía baséase principalmente neste sector, o índice de ocupación dos alumnos que cursan un ciclo formativo no centro, é elevado.

O CENTRO_ A poboación do Concello de A Coruña está próxima aos 250.000 habitantes. Conta con distintas liñas de autobuses que prestan servizo á cidade e arredores.

O Centro educativo está situado no barrio de Someso, barrio que se atopa cerca da principal vía de saída da cidade. Trátase dunha zona en expansión con vivendas, áreas comerciais e instalacións deportivas.

Os seus habitantes son maioritariamente traballadores de clase media, se ben coas novas vivendas que se están a construír, o barrio experimentará un crecemento importante, cunha poboación moito máis heteroxénea.

Trala crise, que afectou principalmente ás familias profesionais de Edificación e Obra Civil e á familia de Madeira, Moble e Cortiza, hoxe en día a porcentaxe de empregabilidade do noso alumnado ao finalizar o módulo de FCT e adquirir o título correspondente é superior ao 80% no caso de Ciclos Medios e Ciclos Superiores. Esta porcentaxe redúcese considerablemente cando falamos da FP Básica, cuxa porcentaxe de empregabilidade é do 20%.

Unha meirande parte dos nosos alumnos acadan un posto de traballo na mesma empresa na que realizaron o módulo de FCT.

O ALUMNADO_Como xa dixemos o noso alumnado é unha representación da clase media.

A nivel xeográfico, o noso alumnado procede dunha ampla zona que inclúe toda a provincia de A Coruña e nalgúns casos de provincias limítrofes.

É importante tamén sinalar que unha ampla porcentaxe do alumnado do centro, é un alumnado de idade avanzada, sobre todo no que respecta aos ciclos da oferta de adultos e dos cursos AFD impartidos no centro. Neste caso pódese dicir que a conflictividade entre este alumnado é practicamente nula.

Por outra banda, o centro conta cun con once grupos de FP Básica, e que parte deste alumnado atópase en centros de menores, coa tutela a cargo da Xunta de Galiza, o que implica que, a nivel de convivencia, xurdan con frecuencia moitos conflitos.

En canto a nacionalidade do alumnado, no CIFP Someso contamos con alumnos/as que proceden de países estranxeiros nun 22%, principalmente no alumnado de F.P. Básica. Algúns destes alumnos chegan ao centro sen coñecer a penas o idioma ea maioría sen un nivel académico suficiente que lle permita o seguimento das clases.

Asemade, nos últimos anos, no centro cursan estudos alumnado con NEAE así como con alumnado con dificultades auditivas.

O PROFESORADO- O centro conta con 130 profesores pertencentes ás diferentes familias profesionais ofertadas no centro e ao departamento de Formación e Orientación Laboral así como ao Departamento de Información e Orientación Laboral.

Dende o curso 22-23 contamos con 6 profesores dos ámbitos científico e lingüístico con destino definitivo no noso centro, o que permitirá realizar proxectos a longo prazo co fin de mellorar a conexión co alumnado e unha planificación máis adecuada dos contidos.

OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO PARA O CURSO 2023-24_O CIFP Someso basea a súa oferta formativa na ensinanza regulada de Ciclos Medios e Superiores das Familias Profesionais de:

- Edificación e Obra Civil
- Fabricación Mecánica
- Imaxe Persoal
- Madeira, Moble e Cortiza
- Transporte e Mantemento de Vehículos

Tanto polo réxime ordinario como en oferta dual, modular e a distancia.

Dentro da súa oferta integrada o CIFP Someso imparte Formación Profesional Básica relacionada coas Familias Profesionais anteriores.

Asemade impártense no centro cursos en colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar, asociacións profesionais , organizacións sindicais, e empresas.

Unha preocupación do CIFP Someso dende a súa creación, foi atender aqueles colectivos máis desfavorecidos carentes de formación para poder incorporarse ó mundo laboral e

neste senso encádranse os programas de Formación Profesional BÁSICA contando coa seguinte oferta formativa:

- FP Básica de Fabricación e Montaxe- 2 grupos.
- FP Básica de Peiteado e Estética- 3 grupos.
- FP Básica de Mantemento de Vehículos- 2 grupos.
- FP Básica de Reforma e Mantemento de Edificios- 2 grupos.
- FP Básica de Carpintaría e Moble- 2 grupo.

O número total de alumnos do centro está, en torno, aos 1700.

Este número varía lixeiramente ao longo do curso, fundamentalmente por baixas, renuncias ou traslados de matrículas.

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS:

- 3 membros do persoal de administración.
- 3 membros de persoal de conserxería.
- 7 membros de persoal de limpeza.

2.2. Xestión e organización do centro que inflúa na convivencia

Todos os membros da Comunidade Educativa son axentes responsables da convivencia escolar nos termos establecidos na Lei 4/2011 e no Decreto 8/2015.

2.2.1 CONSELLO SOCIAL

Funcións:

- Propoñer actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.
- Aprobar o proxecto funcional, e como consecuencia o plan de convivencia e as súas modificacións, xa que o plan de convivencia forma parte do proxecto funcional.
- Realizar anualmente o seguimento e revisión do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro, tendo presentes as propostas co claustro de profesorado, cumprindo co que establece o artigo 43.2. do Decreto 77/2011, para o proxecto funcional.

2.2.2 CLAUSTRO

Funcións:

- Realizar propostas para a elaboración do plan de convivencia e as normas de convivencia do centro.
- Participar na avaliación anual da convivencia do centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do plan de convivencia.
- Propoñer actuacións de carácter educativo especialmente as relacionadas coa resolución pacífica dos conflitos.

2.2.3 O EQUIPO DIRECTIVO

Funcións (artigo 8 do Decreto 8/2015):

- Elaborar, de ser o caso, o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, e así

coma as demais competencias da Comisión de Convivencia, mentres esta non estea constituída.

- Impulsar as actividades previstas no plan de convivencia, así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.
- Garantir as condicións para que exista no centro un adecuado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.
- Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que se establecen neste decreto.
- Correspóndelle a imposición das medidas correctoras así como velar polo cumprimento das mesmas por parte do alumnado.

2.2.4 COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A comisión de convivencia ten carácter consultivo e entre as súas funcións está velar pola correcta aplicación do disposto na normativa vixente, neste plan de convivencia e nas normas de convivencia do centro.

Funcións (artigo 6.4. do Decreto 8/2015):

- Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do

curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

- Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- Aquelas outras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Tendo en conta que, tal e como se recolle no punto 2.4, os principais conflitos que xorden no centro, orixínanse entre o alumnado de FP Básica, a Dirección do centro ten en consideración esta situación á hora de realizar os horarios dos diferentes grupos da FP Básica, así como o nomeamento dos titores destes grupos ou a proposta de actividades para eles destinadas.

2.2.5 COORDINACIÓN DE BENESTAR E CONVIVENCIA (CBC)

A persoa coordinadora de benestar e convivencia actuará baixo a supervisión da persoa que ostente a dirección do centro docente.

Conta coas seguintes funcións:

a) En coordinación co equipo directivo:

- Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.
- Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o que velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción tutorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.
- Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.
- Informar o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.
- Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.
- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e titores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.
- Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.

– Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

b) En coordinación co departamento de orientación:

– Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, a realizar no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.

– Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.

– Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.

– Coordinar, de acordo con os protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicarllo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.

– Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

c) En coordinación coas asociacións de nais e de pais:

– Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

O plan de traballo da coordinación de benestar e convivencia está recollido no Anexo III



2.3. Participación e relación con profesores, alumnado, familias, persoal de administración e servizos e organismos e institucións do entorno.

- Alumnado

É o alumnado da FP Básica o que participa maioritariamente en todas as actividades organizadas polo centro en contraposición ao alumnado dos ciclos formativos medios e superiores cuxa participación diminúe considerablemente salvo en actividades de moita tradición no centro como a celebración do Entroido.

Asemade cabe dicir tamén que o alumnado de réxime de adultos modular, non participa apenas debido principalmente ao tipo de actividades expostas.

En canto ao profesorado existe unha grande participación da maior parte do Claustro, tanto no deseño das actividades como na organización das mesmas. Certo é que os problemas de convivencia restrínxense en grande medida aos cursos de FP Básica, polo que o profesorado que maiormente participa nas actividades de convivencia é o que imparte docencia nestes grupos.

- **Pais e Nais dos menores de idade**

Polo que respecta á relación coas familias, e dado que a maior parte do alumnado do centro é maior de idade, límitase principalmente ao alumnado da FP Básica, polo que o contacto cos pais é fundamental.

Durante o curso facilítase a comunicación coas familias por diversos canles: telefónico, correo, pero principalmente a través da plataforma abalar, se ben é preciso indicar que acoden ao centro maioritariamente cando son convocados (é difícil a comunicación coas

familias, a pesar da insistencia dos titores), sendo en moi contadas ocasións a instancia da familia.

Durante o curso 22-23 o centro organizou unha xornada de encontro cos pais do alumnado dos primeiros cursos de F.B. Básica, a cal acudiron pais e nais de polo menos 20 alumnos destas ensinanzas. A xornada consistiu nun encontro inicial co Director, Vicedirectora, DIOP e coordinadora de convivencia, e posteriormente os titores dos diferentes grupos reuníanse cos pais e nais do alumnado da súa titoría.

- **Persoal de administración e servizos**

Non se observan problemas neste colectivo da comunidade educativa.

Durante o presente curso preténdese implicar en maior medida ao PAS nas actividades de convivencia remitíndolle os diferentes documentos e protocolos e formando parte da Comisión de Convivencia.

- **Profesorado**

A participación do profesorado en materia de convivencia materialízase de diferentes formas:

- A través de reunións de equipos docentes onde se tratan os posibles problemas de convivencia.
- Coa participación na Comisión de Convivencia.
- A través da tramitación de expedientes disciplinarios cuxa instrución outorgárase por sorteo entre os membros do Claustro e os protocolos de acoso que serán instruídos polo profesorado do departamento de Formación e Orientación Laboral.

- **Organismos e institucións do entorno**

O centro conta coa colaboración de diferentes institucións:

- Agasex. Con obradoiros afectivo- sexuais.

- CHYSALLIS- con obradoiros de información e concienciación sobre a situación do colectivo trans.
- IGAXES- con cursos de formación tanto ao equipo de convivencia como ao profesorado, principalmente de básica, sobre o papel do profesor como líder na aula.
- ACLAD- obradoiros para a prevención de drogodependencias e intervención en caso puntuais con alumnos.
- ADAFAD- obradoiros sobre xestión de conflitos.
- UAMI- colaboración tanto no plano académico como persoal co noso alumnado estranxeiro.
- ANHIDA- asociación que traballa con alumnado do centro con TDAH.
- INGADA- Instituto Galego de TDAH e Trastornos Asociados
- Real Institución Benéfico Social Padres Rubinos.
- Cociña Económica.
- Asociación de Atención a Parálise Cerebral (ASPACE).
- Asociación Pro Persoas con Discapacidade Intelectual (ASPRONAGA).
- ONG Viraventos.

É importante sinalar que nunha reunión mantida no curso 22-23 coa Concelleira de benestar do Concello de A Coruña, así como con todas as xefas de servizo dependente da Concellería, acordouse manter unha relación máis directa con entidades como servizos sociais, axente titor, etc.

Durante o presente curso levarase a cabo reunións periódicas coa traballadora social do centro cívico de Elvira Mesoiro co fin de establecer unha canle de comunicación e traballo que permita o tratamento das diferentes situacións que xurdan de maneira máis inmediata.

2.4. Diagnose da situación no C.I.F.P. Someso

A diagnose do centro fíxose baseándose na observación directa do comportamento e clima da comunidade educativa, así coma na indirecta, a través do análise dos partes de incidencias, dos expedientes disciplinarios, das medidas correctoras impostas o curso pasado así como dos resultados dos cuestionarios de convivencia elaborados dende todos os ámbitos da comunidade educativa.

Hai que destacar que os problemas observados redúcense á FP Básica e especialmente ao primeiro curso. No segundo curso esta conflitividade redúcese de forma importante, debido a diferentes motivos:

- Que aqueles alumnos que non tiñan interese en este tipo de ensinanza, ao acadar a idade de 16 anos, decidiron deixar este tipo de estudos.
- A madurez persoal que foron acadando, xunto co sistema organizativo do centro, reconduciron aqueles hábitos e/ou condutas inadecuadas que arrastraban da etapa educativa anterior.

Polo que respecta aos datos recollidos no curso 23-24 destacan os seguintes:


MEDIDAS CORRECTORAS	NÚMERO
Partes de incidencias	910
Ata 3 días sen asistir ao centro	76
Ata 3 días sen poder asistir a determinadas clases	11
Expediente disciplinario: <ul style="list-style-type: none"> - Suspensión do dereito a acudir ao centro entre 4 días e un mes - Tarefas para a mellora do desenvolvemento das actividades do centro fora ou dentro do horario lectivo - Traballos específicos en horario lectivo 	45
Acudir ao centro educativo en horario de tarde	66

Cabe destacar o alto número de partes de incidencias recibidos por alumnos dos seguintes grupos:

- 1º FPB Reforma de Edificios-165.
- 1º FPB Fabricación e Montaxe-174.
- 1º FPB Peiteado e Estética grupo A- 107. Este dato destaca fronte aos recibidos polo alumnado do grupo B que foron 58.
- 1º FBP Mantemento de Vehículos- 142.
- 1º C.M. Carpintería e Moble- 78.

En canto aos expedientes disciplinarios, No gráfico reflíctense 38 xa que os datos son extraídos do XADE. Os restantes expedientes que se abriron foron a 4 alumnos que se deron de baixa.

Todos os expedientes foron abertos a alumnado de FP Básica salvo 1 que se abriu a un alumno do Ciclo Medio de Carpintería e Moble.



Polo que respecta ao acoso abríronse 4 protocolos de acoso escolar.

Pódese afirmar que a preocupación do profesorado céntrase nos seguintes aspectos:

- Elevado número de alumnado nalgúns cursos, o que dificulta a realización de actividades e tarefas, principalmente nos talleres, dado que o equipamento dos mesmos atópanse en menor número que o número de alumnos, o que en ocasións leva a aparición de problemas de convivencia.
- Falta de equipamento (sala de ordenadores por exemplo) que non favorece o mantemento de motivación e ocupación do alumnado en tarefas produtivas.
- Falta de formación específica sobre o tratamento de situacións conflitivas e de cara a xestionar alumnado con perspectivas de futuro non definidas, ou inmaduras.
- Ocupacións de vixilancia e supervisión do alumnado con características moi diferentes aos dos propios grupos nos que se imparten módulos (gardas).
- Solicitude de apoio de profesorado ao equipo directivo, en situacións de faltas de orde.
- Aplicación de medidas correctoras que impliquen unha mellora para o propio centro e para o alumnado.
- Falta de formación do profesorado en resolución de conflitos.

Detéctase, especialmente no alumnado da FPB, que o comportamento, o clima da clase, as habilidades sociais e os valores en xeral, son unha área pendente que é necesario abordar para conseguir unha educación integral, pero que polas características e número deste alumnado require máis tempo e dedicación por parte do profesorado.

Preséntase polo tanto como imprescindible o desenvolvemento de actividades e/ou dinámicas que propicien a adquisición dos alumnado de todos estes valores e habilidades. Este ámbito será tratado a través de diferentes programas pola Coordinadora de Benestar e Convivencia.

É crucial tamén a elección do titor/a máis axeitado, cun perfil concreto e con habilidades para tratar a este alumnado, sendo recomendable que sexa un profesor de taller o que fora nomeado como titor, xa que son os que están máis horas con este alumnado.

Tamén é importante que o alumnado que cursa FP Básica, curse unha formación que sexa motivadora para eles, non sendo positivo que se destine ao alumno que ten problemas na ESO a calquera FP Básica co fin de que estea escolarizado sen máis.

Hai que facer referencia á problemática xurdida en ocasións pola imposibilidade de levar a cabo determinadas medidas correctoras como a proposta de cambio de centro. Esta medida correctora só é autorizada polas autoridades educativas cando o alumno pode cambiar a un centro onde se oferta a mesma ensinanza que está a cursar.

Tendo en conta que a oferta de ciclos formativos non se repite na mesma localidade, prodúcense en ocasións situacións nas que alumnos con comportamentos susceptibles de serlles aplicadas este tipo de sanción, queden no centro sen outra consecuencia que recibir como unha expulsión temporal do centro.

Esta situación agrávase cando as condutas polas cales se propón como medida correctora o cambio de centro son por acoso escolar. Nestes casos a vítima debe seguir convivindo coa persoa acosadora.

Destacar que o elevado número de alumnos na FP Básica non favorece a existencia dunha convivencia sen conflitos no centro. No presente curso están matriculados sobre 160 alumnos neste tipo de ensinanza e moitos deles con problemáticas moi específicas: desmotivación, necesidades educativas especiais, problemas de idioma, trastornos mentais...

Por último, partindo da experiencia no noso cento, ponse de releve a falta de eficacia das sancións recollidas na actual normativa como medidas correctoras, debido a que os alumnos perciben sancións como por exemplo a expulsión do centro como un premio e non como unha medida correctora.

Polo que respecta ás enquisas de convivencia, nos últimos anos non se levou a cabo a súa realización por parte da Consellería. Dende o centro, realízase unha enquisa ao final de curso, entre o profesorado que imparte docencia na FP Básica.

2.5. Efectividade das actuacións desenvolvidas

Como xa mencionamos, todas estas condutas e/ou situacións redúcense, case que exclusivamente, aos cursos de FP básica.

Unha das medidas que se aplican ante unha conduta contraria á convivencia e a realización de tarefas en horario de tarde. Trátase dunha medida que nalgúns casos foi efectiva á hora de acabar cunha conduta disruptiva.

Co fin de evitar que os alumnos perdan docencia, no caso de expedientes disciplinarios, óptase por suspensión do dereito a asistencia ás clases, cumprindo coa medida correctora dentro do centro.

Por outra banda, a experiencia nos di que, tendo en conta as características concretas do alumnado de FP Básica, o profesor carece de ferramentas efectivas para atallar as condutas contrarias á convivencia. Por iso é necesario unha aposta pola formación do profesorado.

Para comprobar a efectividade das actuacións desenvolvidas, temos que facer unha comparativa cos anos previos:

MEDIDAS CORRECTORAS	CURSO 22-23	CURSO 21-22	CURSO 20-21
Partes de incidencias	910	517	324
Ata 3 días sen asistir ao centro	76	15	96
Ata 3 días sen poder asistir a determinadas clases	11	3	
Expediente disciplinario: <ul style="list-style-type: none"> - Suspensión do dereito a acudir ao centro entre 4 días e un mes - Tarefas para a mellora do desenvolvemento das actividades do centro fora ou dentro do horario lectivo - Traballos específicos en horario lectivo - Cambio de centro educativo 	45	21	20
		1	
Acudir ao centro educativo en horario de tarde	66	33	

Podemos observar un grande incremento no presente curso nos números finais. Isto é consecuencia de que, ao realizarse semanalmente as reunións de equipo docente con convivencia e coa dirección, os profesores vense en maior medida respaldados no caso de que rexistren un parte de incidencias.

Durante o presente curso realizaranse diferentes formacións sobre prácticas restaurativas e o benestar emocional do alumnado.



3. FINS E PRINCIPIOS DA CONVIVENCIA NO CENTRO

FINS E PRINCIPIOS INFORMADORES DA CONVIVENCIA NOS CENTROS DOCENTES (ARTIGO 3 DA LEI 4/2011)	OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE CONVIVENCIA (ARTIGO 12 DO DECRETO 8/2015)
a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.	b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para mellorala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado. g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.	c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres. i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e liberdades fundamentais.
c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.	e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.	a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa promoción da cultura de paz, a prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
e) A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.	h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa	c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres. d) Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución dos conflitos que poidan producirse no centro e



e a mellora da convivencia escolar.	aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe. f) Facilitar a conciliación e/ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.	b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para mellorala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado. d) Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución dos conflitos que poidan producirse no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe. f) Facilitar a conciliación e/ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.	b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para mellorala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado. g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e

4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Do análise do clima de convivencia realizado no anterior apartado e, tendo como referencias estes obxectivos xerais, podemos fixar os obxectivos específicos do noso centro, que centraremos en tratar as principais deficiencias detectadas ao facer a diagnose do clima.

Os nosos obxectivos específicos son:

1. Sensibilizar a toda a comunidade educativa na importancia e na responsabilidade de cada un, na creación dun clima de convivencia axeitado.
2. Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

3. Proporcionar ou facilitar o acceso a formación dos membros da comunidade educativa, na adquisición da habilidades básicas de comportamento baseadas en previr o conflito, controlalo cando se produza, en mediación e atención á diversidade
4. Formar ao alumnado en competencias básicas e habilidades sociais.
5. Facilitar a conciliación e a mediación para a resolución pacífica de conflitos.
6. Establecer relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan a unha convivencia de calidade.
7. Priorizar a conciliación e/ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
8. Fomentar os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
9. Promover a alimentación saudable e nutritiva así como o exercicio físico

5. ACTUACIÓNS PROGRAMADAS, MEDIDAS OU PROGRAMAS

5.1 Organización xeral da convivencia no centro

Atópase recollida nas Normas de Organización e Funcionamento do centro.

Un documento esencial no desenvolvemento da convivencia do centro é o Plan de Acción Titorial. Este plan é posto en coñecemento polo XDIOP a todo o persoal docente do centro e especialmente ao titores dos diferentes grupos.

Está creada a Aula de Convivencia Inclusiva a cal se trata como un espazo favorecer do proceso de reflexión, por parte de cada alumno ou alumna que sexa atendido na mesma, acerca das circunstancias que motivaron a súa presenza nela.

O obxectivo prioritario sería, pois, que os alumnos e alumnas comprendan o alcance, para si mesmos e para os demais, das súas condutas e, sobre todo, que aprendan a facerse cargo das súas propias accións, pensamentos, sentimentos e comunicacións cos demais.

Semanalmente os equipos docentes dos grupos de FP Básica, reúnense cun membro da dirección e cun membro da Coordinación de Convivencia para tratar os problemas relacionados coa convivencia que xurdan nos diferentes grupos. Analizados os casos, é nestas reunións onde se determina as medidas correctoras a aplicar ou as necesidades que son necesaria cubrir.

5.2

Actuacións

OBXECTIVO	ACTUACIÓN	RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS	TEMPORALIZACIÓN	INDICADORES LOGRO / EVIDENCIAS
<p>Sensibilizar a toda a comunidade educativa na importancia e na responsabilidade de cada un, na creación dun clima de convivencia axeitado.</p>	<p>- Divulgar entre o Claustro e PAS e o alumnado o Plan de Convivencia e NOF e protocolos de convivencia da Consellería e a existencia da Coordinación de Benestar e Convivencia (CBC).</p>	<p>- Equipo directivo, alumnado, PAS e profesorado</p> <p>Páxinaweb</p>	<p>1,º Trimestre</p>	<p>-Acta do Claustro e da Comisión de Convivencia constituída.</p> <p>- Presentación a todos os grupos</p>
	<p>- Dotar a Coordinación de Benestar e Convivencia un espazo físico para o desenvolvemento das súas actividades.</p>	<p>- Equipo directivo</p>	<p>1º Trimestre</p>	<p>- Despacho da coordinación na primeira planta</p>
	<p>- Realización de enquisa de satisfacción</p>	<p>- CBC</p>	<p>3º Trimestre</p>	<p>10 enquisas contestadas</p> <p>Análise da enquisa realizado</p>
	<p>Elaborar unha documento de presentación da figura de CBC, as súas funcións.</p>	<p>Equipo directivo, equipo docente.</p>	<p>3º Trimestre</p>	<p>2 premios outorgados</p>
	<p>-Xornada de acollida a pais/nais/titores legais</p>	<p>Equipo directivo, titores, XDIOP, CBC</p>	<p>1º Trimestre</p>	<p>Xornada realizada</p>

OBXECTIVO	ACTUACIÓN	RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS	TEMPORALIZACIÓN	INDICADORES LOGRO / EVIDENCIAS
Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.	Participación no proxecto FP Naranja : realización de dinámicas para o desenvolvemento emocional positivo do alumnado.	Tutores, Coordinación de Benestar e Convivencia Ordenadores, material proporcionado por FP Naranja	Todo o curso	5 dinámicas realizadas
	Posta en marcha de un proxecto piloto para o desenvolvemento emocional do alumnado: por meses – temas. Decembro varias dinámicas de emocións, Xaneiro de autoestima, febreiro respecto discapacidade, relixión raza,.....	Coordinación de Benestar e Convivencia, material específico 2º de FP Básica	Todo o curso	5 dinámicas realizadas
	-Elaboración dun grafiti nun muro do centro relacionado coa temática igualdade (de xénero, das razas...) e/ou a sustentabilidade.	- Profesional e Pinturas do grafiti Dirección	Todo o curso	Grafiti realizado
	Elaboración dun protocolo de acoso propio de C.I.F.P. Somo así como divulgación do mesmo	XDIOP e CBC	Segundo trimestre	Protocolo realizado e difundido entre toda a comunidade educativa
	Visita de OUSMAN UMAR polo día da eliminación da discriminación racial (21 de marzo)	Poñente Grupos de Ciclo Medio e FP Básica	Segundo trimestre	Charla realizada
	Arbore das nacionalidades: colocación na entrada do recinto Colocación polo alumnado das bandeiras dos seus países de orixe.	Alumnado de C.M e C.S. así como de FP Básica, CBC	Segundo trimestre	15 bandeiras colgadas na árbore

OBXECTIVO	ACTUACIÓN	RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS	TEMPORALIZACIÓN	INDICADORES LOGRO / EVIDENCIAS
Proporcionar ou facilitar o acceso a formación dos membros da comunidade educativa, na adquisición da habilidades básicas de comportamento baseadas en previr o conflito, controlalo cando se produza.	-Formación do profesorado en xestión da aula.	-Profesorado., XDIOP e CBC	1º, 2º e 3º Trimestre	- 1 sesión de formación realizada
	Formación do profesorado e PAS en identificación e tratamento de situacións de acoso escolar e ciberacoso	Profesorado., -XDIOP e CBC	1º, 2º e 3º Trimestre	1 sesión de formación realizada
	Formar ao profesorado en prácticas restaurativas e técnicas de relaxación	Profesorado.-XDIOP e CBC	1º, 2º e 3º Trimestre	1 sesión de formación realizada
Formar ao alumnado en competencias básicas e habilidades sociais.	- Formación en Primeiros auxilios ao alumnado de 2º FP básica	-XDIOP, Titores, Profesorado FOL, CBC	2º Trimestre	-5 Talleres realizados.
	Formación en elaboración de currículo ao alumnado de 2º FP básica	-XDIOP, Titores, Profesorado FOL, CBC	2º Trimestre	-5 Talleres realizados.
	Tutorías realizadas por voluntarios da ONG Viraventos para formación no idioma castelán para alumnos migrantes.	ONG Viraventos, CBC	Todo o curso	2 alumnos receptores desta formación
	Realización de obradoiros sobre diferentes temáticas adicando cada trimestre a un concreto	Centro de Información a Muller da Coruña. Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación Cidadá do Concello da Coruña. SEDRA (Federación de Planificación Familiar) AGASEX (Asociación Galega para a Saúde Sexual) Escola de Enfermería de A Coruña (Sergas)	1, 2, 3º Trimestre	10 sesións realizadas

OBXECTIVO	ACTUACIÓN	RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS	TEMPORALIZACIÓN	INDICADORES LOGRO / EVIDENCIAS
Facilitar a conciliación e a mediación para a resolución pacífica de conflitos.	Formación dun equipo de apoio ao equipo de convivencia composto por alumnos de ciclo superior que proveñan de FP Básica.	XDIOP , CBC	1, 2 e 3º Trimestre	Constitución do equipo de apoio. 2 intervencións realizadas
	Promoción do procedemento conciliado nos casos de apertura de expediente	Dirección, CBC	1º, 2º e 3º trimestre	2 Procedementos conciliados realizados
Establecer relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan a unha convivencia de calidade.	-Aprendizaxe Servizo en convenio con diferentes entidades: Real Institución Benéfico Social Padres Rubinos, Cociña Económica, Asociación de Atención a Parálise Cerebral (ASPACE), Asociación Pro Persoas con Discapacidade Intelectual (ASPRONAGA)	Profesorado, entidades	2º e 3º Trimestre	2 dinámicas de aprendizaxe servizos levadas a cabo
	Reunións periódicas coa traballadora social do centro cívico de elviña mesoiro	XDIOP, CBC	1º, 2º e 3º trimestre	2 reunións celebradas
	Realización dun convenio de colaboración coa ONG Viraventos	Dirección	1º trimestre	Convenio de colaboración asinado
	Fomento de nutrición saudable e do exercicio; cada mes entregárase unha froita diferente e realizarase exhibicións de diferentes deportes por profesionais	Programa da Consellería, Profesionais de diferentes deportes, CBC	1º, 2º e 3º trimestre	2 meses entregada froita 2 deportes exhibidos

6. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR

Seguirase o protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso establecido pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para os centros docentes dos niveis non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia pode consultarse no seguinte enlace:

<http://www.edu.xunta.es/portal/Educonvives.gal>

7. NORMAS DE CONVIVENCIA E CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

Anexo I

8. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

Anexo II

9. PLAN DE IGUALDADE

Anexo III

9.MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS.

As relacións a nivel interno, no C.I.F.P. Someso, desenvólvense a través das coordinacións marcadas entre as diferentes estruturas organizativas definidas na normativa vixente.

Existen unha serie de documentos que facilitan a xestión e o seguimento das actuacións no centro, así como asegura a calidade das mesmas, dentro do Sistema de Xestión de Calidade da Rede de Centros Integrados de Formación Profesional da comunidade autónoma de Galicia.

Coordinación coas familias e outros centros educativos:

O centro recibe **alumnado con NEAE**, alumnado do que en moitas ocasións, o noso CIEFP, non conta co informe do centro de orixe sobre as necesidades destes alumnos. Esta falta de comunicación ten como consecuencia grandes problemas, xa que só coñecemos a problemática dos mesmos se a familia ou o propio alumno nolo comunica, o que non se produce en todas as ocasións.

Esta situación provoca unha importante perda de tempo, xa que, dende o noso centro, non podemos actuar ata que os profesores ou titores detectan problemas ou situacións anómalas, que trasladan o Departamento de Orientación.

Por último cabe reseñar que é necesario, para unha convivencia adecuada no centro, que o proceso de orientación do alumnado dos IES cara a FPB debería ser moito máis rigoroso.

10. A COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A composición da comisión de convivencia é a seguinte:

- Presidente: Director do centro.
- Secretario: Xefa do departamento de información e orientación profesional.
- 1 representante do equipo directivo: Vicedirectora.
- 2 representantes do profesorado.
- 4 representantes do alumnado.

- 2 representantes do persoal de administración e servizos.

No marco do planificación propia do centro, a Comisión de Convivencia:

- Canalizará as iniciativas de todos os sectores da Comunidade Educativa para mellorar a convivencia, establecendo vías de comunicación e participación adecuadas ás características do centro, ofrecendo espazos e tempos para que os distintos sectores poidan manifestar as súas propostas, e promovendo nos distintos órganos de goberno, de participación e de coordinación docente que a convivencia, o respecto e a tolerancia sexa un dereito e un deber.
- Adoptará as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do Centro, comezando pola mellora na difusión das mesmas.
- Fomentará o funcionamento de estruturas de participación, especialmente a Xunta de delegados e delegadas de aula.
- Analizará posibles focos de discriminación social e escolar (por razón de sexo, económica, étnica, tipos de comportamento,...) Investigando as súas causas e establecendo plans de acción.
- Mediará nos conflitos, analizando que ocorreu e por que.
- Coñecerá e valorará o cumprimento efectivo das correccións e medidas disciplinarias, valorando o seu carácter educativo e recuperador.
- Dará conta ao pleno do Consello Social das actuacións realizadas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Realizará o seguimento do plan de convivencia.

12. DIFUSIÓN E DIVULGACIÓN DO PLAN

O plan de convivencia debe ser coñecido por todos os membros da comunidade educativa, para acadar tal obxectivo realizaranse as seguintes actuacións:

- Difusión na páxina web do centro.
- Terase unha atención especial, na xornada de acollemento para dar a coñecer o plan de convivencia..
- Informarase no primeiro claustro do curso sobre o plan de convivencia e a súa importancia.
- Informarase ao Persoal de Administración e Servizos e ao Persoal de Limpeza sobre todos os protocolos existentes relacionados coa convivencia.
- Informar ao alumnado a principio de curso das normas de clase e mais concretamente das normas de convivencia na aula, coa fin de implicalos no cumprimento das mesmas.
- Informar sobre materiais e protocolos de actuación na xestión do conflitos có fin de mellorar a adquisición de habilidades básicas para manexar as distintas situacións que poidan xurdir.

13. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA.

13.1 Seguimento e avaliación

O equipo directivo dos centros docentes garantizará a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da súa comunidade educativa.

Conforme a normativa, a Comisión manterá un mínimo de tres reunións ordinarias ao ano, unha por trimestre, prioritariamente a principios de cada un, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta, como mínimo dunha terceira parte dos seus membros.

Nestas reunións valorará o grado de cumprimento das normas de convivencia, das medidas correctoras e realizará o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

A comisión de convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

Para a realización do seguimento e avaliación do plan de convivencia utilizarase o seguintes cadro

CRITERIOS	PUNTUACIÓN (0-10)	ASPECTOS A CONSIDEREAR
Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior. Moi negativa: 0 Moi positiva: 10		Existen informes anuais nos que se recollan clasificados os conflitos detectados? ▶ Como se considera a evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior? ▶ Os obxectivos do plan de convivencia determinanse a partir de informes anuais e outras evidencias contrastables?
Alcance do plan de convivencia. Non hai plan: 0 Alcance moi amplo:10		Recolle valores e actitudes (acolida, coeducación, competencia social, comunicación, educación emocional, educación para a paz, inclusión, mediación, símbolos identitarios)? ▶ Recolle resolución de conflitos (absentismo, conflitos leves, conflitos graves)? ▶ Afecta á organización escolar (estrutura e xestión dos recursos, participación, normas)?
Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia. Non se cumpriu ningún: 0 Cumpríronse todos:10		▶ Alcanzáronse os obxectivos propostos no plan de convivencia? ▶ O plan de convivencia deu resposta a aspectos que inciden na convivencia escolar nos tres ámbitos de actuación (aula, centro e contorno)?
Renovación do plan de convivencia. Non se renova: 0 Renóvase anualmente:10		Existe un procedemento de renovación anual do plan de convivencia? ▶ O plan avalíase anualmente e fanse propostas de mellora?
Desenvolvemento das actividades incluídas no plan de convivencia. Non se desenvolveu ningunha: 0 Desenvolvéronse todas: 10		▶ Faise un seguimento periódico do plan? ▶ As actividades desenvolvéronse coa temporización prevista? ▶ O desenvolvemento das actividades produciu os efectos esperados?

<p>Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa. Non hai implicación: 0 Implicación total: 10</p>		<p>Cal é o grao de implicación do profesorado na prevención e resolución de conflitos? ▶ Cal é o grao de implicación do persoal de administración e servizos na prevención e resolución de conflitos? ▶ Implicouse o alumnado nas actuacións de mediación? ▶ Cal foi o grao de colaboración das familias nas diferentes actuacións de corrección levadas a cabo no centro?</p>
<p>Funcionamento da comisión de convivencia do centro Moi deficitario: 0 Excelente:10</p>		<p>Cantas veces se reuniu ao longo do curso? ▶ Cales foron os principais temas tratados? ▶ Realizou o seguimento do plan de convivencia? ▶ Colaborou na planificación de medidas preventivas e na resolución de conflitos no centro?</p>
<p>Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia Non existiu coordinación: 0 A coordinación foi moi alta: 10</p>		<p>▶ Existe a figura de coordinador da convivencia no centro? ▶ Dáse resposta ás súas necesidades formativas? ▶ Cal foi a colaboración do/a xefe/a de estudos, dos/ as titores/as e da comisión de coordinación pedagóxica co departamento de orientación no desenvolvemento das actividades previstas no plan de convivencia? ▶ Cal foi a colaboración do/a xefe/a de estudos, dos/ as titores/as e da comisión de coordinación pedagóxica co departamento de orientación no desenvolvemento na aplicación do plan de acción tutorial? ▶ Cal foi o grao de colaboración e coordinación do departamento de orientación e o EOE?</p>
<p>Actividades formativas para membros da comunidade educativa dirixidas á mellora da convivencia Non existen: 0 Fixéronse un gran número: 10</p>		<p>Realizáronse actividades formativas dirixidas á mellora da convivencia? ▶ Cal foi a resposta e a implicación nas actividades dos diferentes sectores da comunidade educativa?</p>
<p>Existencia, e coñecemento, de protocolos propios de actuación en situacións de conflito, incluíndo condutas reprobables acaecidas fóra das aulas, en función de características específicas Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia:10</p>		<p>Existen protocolos claros e definidos de actuación? ▶ Recóllense nestes os documentos nos que o profesorado formalice por escrito os feitos constatados? ▶ Existe un procedemento de actualización dos protocolos? ▶ Os ditos protocolos son coñecidos e as versións actualizadas están á disposición de todos os membros da comunidade educativa afectados por eles?</p>
<p>Existencia, e coñecemento, de protocolos de actuación encamiñados á detección, prevención e tratamento de situacións de acoso? Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia:10</p>		<p>▶ Existen protocolos claros e definidos de actuación? ▶ Inclúen estes protocolos o illamento ou baleiro social e o acoso informático? ▶ Recóllense neles os documentos nos que o profesorado formalice por escrito os feitos constatados? ▶ Os ditos protocolos son coñecidos por todos os membros da comunidade educativa? ▶ A dirección do centro nomea a unha persoa responsable da atención á vítima?</p>
<p>Existencia dun protocolo de</p>		<p>▶ Existe un protocolo? ▶ Hai profesorado nomeado especificamente para a organización</p>

<p>funcionamento da aula de convivencia inclusiva. Non existe: 0 Existe e é moi eficaz: 10</p>		<p>e atención da aula de convivencia? ▶ Está elaborado, e utilízase na aula de convivencia, un programa de habilidades sociais?</p>
<p>Existencia de procedementos conciliados de resolución dos conflitos. Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia: 10</p>		<p>▶ Existe máis dun procedemento conciliado de resolución de conflitos de convivencia? ▶ O alumnado e as familias solicitan utilizar procedementos conciliados? ▶ Cando se utilizaron os ditos procedementos, favoreceron a resolución do conflito?</p>
<p>Existencia, e coñecemento, de propostas de acción específicas encamiñadas a favorecer a inclusión, así como a mellora da convivencia a través do éxito académico Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia: 10</p>		<p>▶ Existen protocolos de actuación ante o absentismo e o abandono escolar temperán? ▶ Existen mecanismos de detección temperá nos casos de desatención familiar ou situacións externas ao centro que teñan repercusión sobre a escolarización do alumnado? ▶ Entre os obxectivos do plan de convivencia recóllese favorecer os cambios metodolóxicos que potencien o éxito académico? ▶ Demandáronse propostas de actuación para a mellora do éxito académico aos departamentos didácticos e á comisión de coordinación pedagóxica? ▶ Os departamentos didácticos e a comisión de coordinación pedagóxica fixeron propostas neste sentido? ▶ Desenvolvéronse accións específicas encamiñadas a favorecer a inclusión e a mellora da convivencia a través do éxito académico?</p>
<p>Existencia dun programa específico para o desenvolvemento da competencia social e cidadá Non existe: 0 Existe e é moi eficaz: 10</p>		<p>▶ Está elaborado o programa de habilidades sociais? ▶ Trátase de forma transversal a competencia social e cidadá? ▶ Elabóranse programas nos que se traten contidos como aprender a pensar, educación emocional, educación en valores e habilidades sociais?</p>
<p>Valoración global da situación da situación da convivencia escolar no centro Moi negativa: 0 Moi positiva: 10</p>		<p>▶ Establecéronse mecanismos para medir o grao de satisfacción da comunidade educativa coa situación da convivencia no centro? ▶ Cal é o grao de satisfacción da comunidade educativa en relación coa convivencia no centro? ▶ Cales son as principais propostas de continuidade e mellora?</p>